

### 3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

#### INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**



**1. Sinale a frase correcta:**

- A) Teño o costume de boitar unha pinga de leite enteira no café.
- B) Teño a costume de botar unha pinga de leite enteiro no café.
- C) Teño a costume de boutar unha pinga de leite enteira no café.
- D) Teño o costume de botar unha pinga de leite enteiro no café.

**2. Infección bronquial por asperxilo:**

- A) broncoaspergilosis
- B) broncoasperxilosis
- C) broncoasperxilose
- D) broncasperxilose

**3. Sinale a opción correcta: Non deixes as luvas usadas enriba da mesa; bótaas \_\_\_\_\_ .**

- A) na varredura.
- B) no lixo.
- C) no refugo.
- D) na vasoira.

**4. Sinale a frase correcta:**

- A) Que te pasou que tes esa vendaxe tan aparatosa?
- B) Que che pasou que tes esa vendaxe tan aparatosa?
- C) Que che pasou que tes ese vendaxe tan aparatoso?
- D) Que te pasou que tes ese vendaxe tan aparatoso?

**5. Marque a serie correcta do plural das seguintes palabras: irmán – deus – luns – can:**

- A) irmaos deuses lunes cans.
- B) irmans deuses luns canes.
- C) irmaos deusos lunes cans.
- D) irmáns deuses luns cans.

**6. Sinale a opción correcta:**

- A) Antonte che mandei unha mensaxe; aínda non a liches?
- B) Antonte che mandei un mensaxe; aínda non o liches?
- C) Antonte mandeiche un mensaxe; aínda non o liches?
- D) Antonte mandeiche unha mensaxe; aínda non a liches?

**7. Sinale a opción correcta:**

- A) Gustoume moito o libro que prestáchesme.
- B) Me gustou moito o libro que me prestaches.
- C) Gustoume moito o libro que me prestaches.
- D) Me gustou moito o libro que prestásteme.

**8. Sinale a opción correcta:**

- A) Vamos saír en breve. Non deixedes ninguha luz acesa.
- B) Imos sair en breve. Non deixades ningunha luz acesa.
- C) Vamos a saír en breve. Non deixeis ninguha luz acesa.
- D) Imos saír en breve. Non deixedes ninguha luz acesa.

**9. Sinale a opción correcta:**

- A) Síntoo pero xa llo dixo o médico: vostede ten que comer con pouco sal.
- B) Síntoo pero xa cho dixo o médico: vós tes que comer con pouco sal.
- C) Síntoo pero xa llo dixo o médico: vostede tes que comer con pouco sal.
- D) Síntoo pero xa cho dixo o médico: vós ten que comer con pouco sal.

**10. Acumulación patolóxica de líquido no espazo pleural.**

- A) derrama pleural
- B) derrame pleural
- C) derramo pleural
- D) derreado pleural

Preguntas de reserva

**1. Marque a oración correcta:**

- A) Estuvo dúas semáns doente e o carto día pasou dos cuarenta de febre.
- B) Estivo dúas semanas doente e o cuarto día pasou dos corenta de febre.
- C) Estivo duas semanas doente e o carto día pasou dos cuarenta de febre.
- D) Estuvo duas semáns doliente e o cuarto día pasou dos courenta de febre.

**2. Sinale a opción correcta:**

- A) Lle imos facer uns exames para ver que tal che vai todo por aí dentro.
- B) Ímoslle facer uns exames para ver que tal lle vai todo por aí dentro.
- C) Lle imos facer uns exames para ver que tal vaille todo por aí dentro.
- D) Ímoslle facer uns exames para ver que tal vaiche todo por aí dentro.